



OS DOMINGOS NO TEATRO PRINCIPAL

Entrada única: 4,00€
Abono 7 funcións: 19,00€

(máis gastos de tramitación)

Billeteira aberta 1 hora antes de cada función

5



Domingo 12 de novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

HUGO

Os naufragos (Galiza)

Hugo é diferente. Gústalle moito os avións e tamén toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A Laia gústalle falar e as plantas. Hugo ten TEA, trastorno do espectro autista.

HUGO fala da empatía, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza. Ser diferentes fainos grandes.

- Premio María Casares 2022 ao Mellor Espectáculo para a Infancia

Teatro de actor

Duración: 40 minutos

Recomendado a partir de 4 anos e público adulto

6



Domingo 19 de novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

PARTICULAR

Marcel Gross (Catalunya)

Un PARTICULAR personaxe chegou á cidade. Quen é? Por que leva eses zapatóns? E ese sombreiro? E o nariz vermello?

É está nun recuncho da praza e observa.

Mistura a sensibilidade do clown, a retranca do bufón e a comunicación do showman. Apaña a realidade e transfórmaa a través da risa e da imaxinación.

Que podes esperar dese PARTICULAR personaxe que garda a lúa nunha caixa de cartón e que colecciona aplausos.

Espectáculo de clown

Duración: 55 minutos

Recomendado a partir de 3 anos e público adulto

7



Domingo 26 novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

NO NOS MOVERÁN

Titiriteros de Binéfar (Aragón)

Un grupo de hippies marcha vivir a unha aldea abandonada onde quedaba unha habitante, Aurora. Dela aprenden moitas cousas.

Volven abrir as casas, habitalas, recuperan a aldea... Pero un grupo de empresarios quere expulsalos.

No nos moverán é un espectáculo musical de títeres e actores, con xogos e cancións da tradición oral que fará cantar a todo o público.

- Premio Drac d'Or de les Autonomies en la 22ª Fira de Teatre de Titelles de Lleida.
- Titiriteros de Binéfar foron Premio Nacional de Teatro para la Infancia y la Juventud 2009

Teatro de actor

Duración: 55 minutos

Recomendado para todos os públicos



LUNS DO PRINCIPAL

FUNCIÓNS CONCERTADAS
CON CENTROS ESCOLARES

Luns 30 de outubro

LA FÁBULA DE LA ARDILLA

La Baldufa (Catalunya)

Luns 13 de novembro

HUGO

Os naufragos (Galiza)

Luns 27 de novembro

NO NOS MOVERÁN

Titiriteros de Binéfar (Aragón)



DOMINGOS DO PRINCIPAL

FESTIVAL DE TEATRO PARA TODA A FAMILIA

DO 15 DE OUTUBRO AO 26 DE NOVEMBRO DE 2023

DOBRE FUNCIÓN

12:00 e 18:30 h

PREZO

Entrada única: 4,00€ por persoa e función (máis gastos de tramitación).

Billeteira aberta 1 hora antes de cada función.

Ten en conta que para acceder ao recinto cada espectador debe ter unha entrada, independentemente da súa idade e de se ocupa ou non butaca. Neste folleto poderás consultar a idade mínima recomendada para cada función.

BUTACAS

As funcións de Domingos do Principal teñen as butacas numeradas.

ABONOS

Abono para as 7 funcións: 19,00€ (máis gastos de tramitación).

Podes mercar o teu abono exclusivamente por internet.


Poderás escoller entre dous tipos de abono:

1) Abono de mañá: Darache acceso ao pase matinal das 12:00 h nas 7 funcións do Teatro Principal.

2) Abono de tarde: Darache acceso ao pase de tarde das 18:30 h nas 7 funcións do Teatro Principal.

VENDA ANTICIPADA

Venda anticipada ata esgotar as localidades

 **Ataquilla.com**

1



Domingo 15 de outubro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

ÁS PARA ÁLEX

Baobab Teatro (Galiza)

Álex é un neno de 8 anos que lle encanta correr, xogar, quedar cos amigos/as... Ten unha paixón: o fútbol. Un día ten que deixalo todo porque o seu corpo non responde, non camiña... e como calquera neno, enfádase. Enfádase coa súa nai, coa súa irmá, co seu can, ata co fútbol. Álex enfádase co mundo e ten moitas preguntas, porque a min?, por que non podo xogar? Por que, por que e por que? Está tan encabuxado que deixa de mirar ao seu arredor, até que un día aparece Laura no seu camiño, e sen pedir permiso e con moito coidado e cariño entra de cheo na súa vida.

- Premio Provincia a Escena 2022. Feria de Teatro de Castilla y León Ciudad Rodrigo

Teatro de actor e monicreques

Duración: 50 minutos
Recomendado a partir de 4 anos e público adulto

2



Domingo 22 de outubro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

NUBE NUBE

Periferia Teatro (Murcia)

Nube Nube é un xogo poético sobre a idea do amor romántico que se nos transmite desde a máis tenra infancia. Inspirado no conto da sereña de Andersen, en Nube Nube facemos unha revisión, desde o humor e o amor, do que somos capaces de facer para querer e para que nos queiran.

- Premio Drac D'Or ao mellor espectáculo infantil/familiar Fira Títelles de Lleida 2021
- Premio xurado infantil mellor espectáculo 33 Festitífers Alicante 2020
- Premio ao mellor espectáculo de títeres e obxectos FETEN 2020

Teatro de actor e monicreques

Duración: 50 minutos
Recomendado a partir de 4 anos e público adulto

3



Domingo 29 de outubro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

LA FÁBULA DE LA ARDILLA

La Baldufa (Catalunya)

O gran Ourizo Cacho vive placidamente á sombra dun gran carballo e coida aos seus, mentres goza do seu pedacinho de mundo. Mais un día, esta paz verase perturbada pola chegada dun esquiño amábel, triste e rebuldeiro. A convivencia non vai ser fácil. Descubriremos un ourizo cacho arisco e protector, e un esquiño con ganas de saber e compartir

Un espectáculo sobre a diferenza e a mestizaxe.

- Premio mellor produción FETEN 2022
- Premio mellor espazo escénico FETEN 2022
- Premio Nacional de Teatro para la Infancia y la Juventud 2020

Teatro de actor

Duración: 50 minutos
Recomendado a partir de 6 anos e público adulto

4



Domingo 5 de novembro • Teatro Principal • 12:00 e 18:30 h

NINA NINETTE

Determinada Cía. (Galiza)

Nina, valente e alegre a partes iguais, atopa unhas flores moi especiais que a levan a descubrir un mundo fantástico habitado por seres máxicos, poderosos e divertidos. Todo é tan diferente, tan brillante, tan fermoso! Mais Nina sinte a falta do seu lar e decide marchar. A cuestión é que ese mundo é un labirinto e como todos os labirintos, é moi doado entrar pero ben complicado saír.

Será que ela o consegue?

Danza

Duración: 55 minutos
Recomendado partir de 3 anos

DOMINGOS DO PRINCIPAL

Escanea o QR
para descargar o
PROGRAMA

 **Concello
de Pontevedra**

 **XUNTA
DE GALICIA**

 **REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITÓRIOS**

Coordinado por:

 **akatro**